

Martes, 31 de xaneiro de 2023

Núm. 21

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

ROSAL, O

#### Persoal, oposicións

*CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O POSTO DE TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE*

*ANUNCIO DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O POSTO DE TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE*

Por Resolución de Alcaldía, Decreto núm. 2023-0028, de data 17 de xaneiro de 2023, resolveuse a aprobación das bases reguladoras e convocatoria do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego para o posto de Técnico de Medio Ambiente, mediante o sistema de concurso oposición.

As persoas que desexen participar neste proceso selectivo deberán presentar unha instancia, cuxo modelo se facilitará na Oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello e se atopará habilitado como trámite na Sede Electrónica (<https://orosal.sedelectronica.es>), xunto ca documentación esixible de acordo cas Bases reguladoras do proceso selectivo.

A presentación de solicitudes realizarase, preferentemente, a través da Sede Electrónica do Concello, a través do trámite habilitado ao efecto, de xeito presencial na Oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de instancias será de 20 días hábiles, a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As bases publicaranse íntegramente no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de O Rosal (<https://orosal.sedelectronica.es>), no Portal de Transparencia do Concello (<https://orosal.sedelectronica.es/transparency>) e na páxina web municipal (<https://orosal.gal/>).

A ALCALDESA

Ánxela Fernández Callís

